

**Algúns artigos da Orde do 13 de maio de 2005 pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2005-2006 (DOG do 23 de maio)**

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.  
3. Non se inclúen no programa de gratuidade aqueles libros que, por diversas circunstancias, non poidan ser reutilizados polos alumnos durante catro cursos escolares, nin outros materiais tales como cadernos de idiomas, cadernos de exercicios ou libros nos que se escriba, pinte ou recorte. Tampouco poderán adquirirse con cargo ao programa dicionarios, atlas, libros de titoría e outros materiais similares.

Terceiro.-Implantación do programa no curso escolar 2005/2006.  
No curso escolar 2005/2006 implantarase o programa de gratuidade de libros de texto, de xeito experimental, en 3º e 4º curso de educación primaria e procederase á reposición dos libros de texto de 6º curso de educación primaria e de 2º curso de educación secundaria obrigatoria.

Sétimo.-Importe da subvención.  
A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria subvencionará os libros de texto nas seguintes contías máximas por alumno acollido ao programa e curso:  
-3º curso de educación primaria: 135 euros.  
-4º curso de educación primaria: 135 euros.

Décimo cuarto.-Alumnos con necesidades educativas específicas.  
Co obxecto de incluír no programa de gratuidade aos alumnos que, estando matriculados no curso obxecto de gratuidade, presentan necesidades educativas específicas, poderán adquirirse con cargo a este programa os libros de texto que utilicen estes alumnos.

**Disposicións adicionais**

Primeira.-Materiais curriculares elaborados polos centros.  
1. Os centros educativos poderán substituír a adquisición dos libros de texto para unha ou varias áreas por materiais curriculares elaborados polo correspondente departamento do centro, sen superar os límites establecidos no punto sétimo desta orde.  
4. A autorización da substitución do libro de texto por materiais curriculares corresponderá ao órgano competente do centro para a aprobación dos libros de texto.

**Algúns artigos da Orde do 15 de setembro de 2005 pola que se amplía o programa de gratuidade de libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2005/2006 (DOG do 20 de setembro)**

Primeiro.-Obxecto, ámbito de aplicación e beneficiarios.  
1. A presente orde ten por finalidade ampliar o programa de gratuidade de libros de texto para o curso escolar 2005/2006.  
3. Serán beneficiarios desta ampliación do programa todos os alumnos que cursen 1º, 2º e 5º de educación primaria nos centros indicados no parágrafo anterior.

Segundo.-Materiais que se inclúen no programa.  
1. No programa de gratuidade inclúense exclusivamente libros de texto que se poidan reutilizar durante catro cursos escolares.  
2. Non obstante, os libros de texto de 1º e 2º curso de educación primaria exixen un tratamento diferenciado incluíndose neste caso todos os libros de texto aínda que non poidan ser reutilizados en cursos posteriores.  
3. Non se inclúen outros materiais tales como cadernos de idiomas, cadernos de exercicios, dicionarios, atlas, libros de titoría e outros materiais similares.

Cuarto.-Importe da subvención.  
A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria subvencionará os libros de texto nas seguintes contías por alumno acollido ao programa e curso:  
-1º curso de educación primaria: 115 euros.  
-2º curso de educación primaria: 115 euros.  
-5º curso de educación primaria: 140 euros.

Disposición adicional  
Única.-As axudas concedidas a través do programa de gratuidade de libros de texto establecidas na presente orde serán incompatibles con calquera outra axuda que se conceda para o mesmo fin.



## De libros de texto e gratuidades

A Consellaría de educación vén de publicar unha nova orde que recolle a ampliación da gratuidade dos libros de texto para os niveis de educación primaria que non tiñan acceso á mesma; en concreto os de primeiro, segundo e quinto. Esta publicación realízase catro meses máis tarde doutra orde semellante, e co curso escolar empezado.

Diante desta publicación, Nova Escola Galega quere facer pública a súa opinión ao respecto, inserida nas formulacións que viñemos defendendo ao longo da nosa historia para o sistema educativo.

### Libros de texto e materiais curriculares


Adoito véñense producindo unha identificación, e mesmamente confusión interesada, entre libros de texto e materiais curriculares. A propia consellaría, falando de 'libros de texto e materiais curriculares' moitas veces parece limitar estes últimos aos materiais que non son libros de texto, pero de uso e compra polo alumnado. Quedan así fóra dese concepto moitos dos materiais e recursos que teñen un alto valor educativo: as bibliotecas, os medios de comunicación, a internet...




Partindo do deseño curricular base establecido pola administración educativa e de que se produza nos centros a elaboración dos currículos nos diferentes niveis de concreción, nos proxectos curriculares de centro, de etapa, de ciclo e nas programacións de actividades e tarefas cómpre tomar decisións sobre os materiais curriculares que poden servir de instrumentos ou medios (moitos constitúen obxectivos en si mesmos) para acadar os obxectivos xerais e os obxectivos didácticos que se pretenden conseguir.

Estas decisións deben levar, xa que logo, á escolla daqueles materiais xa elaborados e máis acordes cos proxectos trazados (libros para o fomento da lectura, materiais audiovisuais, medios de comunicación, internet...) ou á elaboración no propio centro daqueles que poden servir máis axeitadamente ás estratexias trazadas na intervención educativa, dende unha perspectiva de investigación-acción na construción das aprendizaxes.

Porén, o que vén ocorrendo con máis frecuencia da debida é que se procede a unha selección de libros de texto que, as máis das veces, non responden ás intencións previstas, que fomentan prácticas pasivas e que acaban, de facto, condicionando,





restrinxindo e uniformizando os propios currículos. O libro de texto acaba dirixindo o currículo no canto de ser, en todo caso, un material máis ao seu servizo.

Esta confusión da parte co todo, entre libros de texto e materiais curriculares está presente mesmamente na idea que subxace no proxecto de gratuidade da consellaría, que a restrinxe unicamente aos libros de texto e mesmamente elimina, en relación coa anterior, a posibilidade de aplicar esa gratuidade á elaboración de materiais curriculares dos propios centros.

Cómpre poñer en dúbida, sempre dende unha perspectiva de análise global, a calidade educativa de moitos dos libros de texto que son frecuentes nas aulas. Ignorancia da realidade máis próxima, sexismo, fomento de estereotipos, escasa atención á diversidade sociocultural, estandarización... son

algunhas das eivas que poden atoparse, sen que a administración tampouco faga uso do seu deber de garantir a adaptación destes materiais aos obxectivos educativos legais, nomeadamente no que toca á normalización lingüística. A carón de ocasións en que son utilizados cun criterio restrinxido e de adaptación ás intencións educativas previas, coexisten usos ao pé da letra que non poden responder de xeito adecuado ás necesidades educativas.

### Sobre esta gratuidade

Nos cursos pasados veuse desenvolvendo un proceso de gratuidade parcial que se recollía nas ordes do 6 de xuño do 2003 (DOG do 12 de xuño), do 8 de xuño do 2004 (DOG do 10 de xuño) e na do 13 de maio do 2005 (DOG de 23 de maio). Implantada a gratuidade nos niveis de 6º de educación primaria e 2º de ESO, esta última ampliábase aos niveis de 3º e 4º de educación primaria. A última orde do 15 de setembro do 2005 (DOG de 20 de setembro) é a que incorpora á gratuidade os niveis de 1º, 2º e 5º de educación primaria.

Alguns aspectos que queremos poñer de manifesto sobre este programa de gratuidade, en relación co apuntado máis atrás, son os seguintes:

- Nesta última orde desaparece a posibilidade de substituír a adquisición de libros de texto por materiais curriculares elaborados polos centros, que si se recollía na orde anterior (véxanse algúns artigos das mesmas recollidos ao final deste documento) Circunscríbese así, e mesmo o fomenta, ao uso do libro de texto como único e fundamental material curricular.

- O modelo de gratuidade establecido non ten en conta factores de compensación social, ao programarse con carácter universal e indiscriminado, sen reparar nas diferentes situacións económicas das familias. A educación debe ter unha consideración compensatoria de discriminación positiva das desigualdades de orixe.



- Sométese aos centros a un problema de xestión para o que, en moitos casos, non dispoñen de persoal administrativo, con insuficiente profesorado para poder haber unha disposición temporal para os traballos de dirección, coordinación, atención individualizada, labores de titoría, formación... que cómpren; un volume crecente de traballo burocrático que pecha a dedicación necesaria ao ámbito pedagóxico.

- Produce un impacto súpeto e incontrolado nos sectores dedicados ao mundo do libro, por non estar planificado convenientemente cos axentes implicados. A produción editorial vén tendo a dirección que ten por mor de non estaren sentadas as bases para a edición de libros máis acordes co que deben ser uns materiais curriculares de calidade e adaptados ás formulacións curriculares oficiais. Así, é o mercado o que condiciona a educación no canto de ser a educación a que oriente o mercado.

- O estado de carencia que teñen as bibliotecas escolares, a ausencia de materiais de aula, os poucos medios informáticos, a insuficiente dotación de profesorado... poñen en evidencia que este modelo de gratuidade ignora esa situación e inviste cantidades moi importantes sen ter en conta outras prioridades e alternativas. Son os propios centros os que poderían adquirir eses recursos necesarios e adaptados á súa circunstancia curricular, de dispoñeren dos medios económicos necesarios.

- Dada a situación económica da consellaría, feita pública en datas recentes, o gasto realizado influirá necesariamente noutros aspectos do sistema. Parece desprenderse que a gratuidade dos libros de texto é sinónimo de calidade da educación, cando en realidade prima sobre esta o criterio da cantidade. Tememos, xa que logo, que os investimentos a realizar no asunto que nos ocupa vaia en detrimento dos avances necesarios noutros eidos do sistema educativo.

- Nova Escola Galega cre na necesidade de velar pola elaboración e selección de recursos que nos permitan buscar contextos de aprendizaxe máis enriquecedores e significativos para o alumnado, pola necesidade de ofrecerlle ao profesorado tempos, espazos e formación para que poida elaborar ou adaptar os materiais, liberdade e axudas para seleccionar e dicidir qué tipoloxía de recursos didácticos precisa.

Se realmente se quere acadar a gratuidade para o ensino obrigatorio, resulta imprescindible sentar a unha mesa a todos os sectores implicados neste ámbito e adoptar as medidas e estratexias máis convenientes para conseguir un ensino de calidade, gratuito e compensatorio das desigualdades.



Galicia, setembro do 2005



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

